



TÁBOA REIVINDICATIVA PARA RECUPERACIÓN DE DEREITOS E PARA O RECOÑECIMENTO DO TRABALLO REALIZADO

TRABALLADORAS E TRABALLADORES CONSELLERÍA POLITICA SOCIAL

As organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT con presenza na Mesa Xeral de Empregados Públicos de xeito unánime e unitario, **manifestamos a nosa consideración e recoñecemento** a todas aquelas persoas que, nunhas condicións laborais e sanitarias extremas e mesmo poñendo en risco a súa propia saúde, desenvolveron o seu traballo para garantir a saúde e o benestar das persoas usuarias das residencias de maiores, centros de atención a persoas con discapacidade, centros de menores, centros residenciais, etc.

Do mesmo xeito, defendemos e reivindicamos publicamente a necesidade de que a Comunidade Autónoma conte cuns servizos sociais públicos, de calidade e ben dotados de medios humanos e materiais como o instrumento máis eficaz que vertebre e asegure a debida atención aos colectivos máis vulnerables da poboación e como elemento primordial na loita contra o COVID-19, rexeitando modelos mercantilistas baseados unicamente no beneficio empresarial que deixan ao marxe o benestar do individuo e a sociedade.

Por isto, as catro organizacións sindicais **ESIXIMOS:**

- **Unha aposta decidida por uns servizos sociais públicos, dignos e de calidade.**
- **incremento de prazas públicas e de xestión directa.**
- **Poñer en valor e que se recoñeza expresamente o traballo e o esforzo realizado, durante a situación de emerxencia sanitaria.**
- **Recuperar a compensación por festivos e domingos traballados.**
- **A redución da xornada máxima anual.**
- **A transformación de tódolos contratos de fin de semana ou inferiores, a xornada completa.**
- **Que este ano de xeito excepcional que se lle concedan ao persoal que traballou durante o estado de alarma, 10 días adicionais de vacacións como compensación polo compromiso e dedicación asumidos.**

En definitiva que a Consellería de Política Social **proceda á recuperación dos dereitos económicos e laborais arrebatados** desde a entrada en vigor da Lei 1/2012, de 29 de febreiro de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a apertura inmediata dunha mesa de negociación.